

MEMORIA SOBRE A POSIBILIDADE DE SUSCRIBIR ADHESIÓNS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

Que, o convenio entre a Axencia Tributaria de Galicia e a FEGAMP para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración, prorrogouse ata o 1 de outubro de 2028.

Que, na cláusula décimo quinta do devandito convenio se prevé a posibilidade de adhesión das entidades locais asociadas á FEGAMP:

"Tras a firma do presente convenio entre a ATRIGA e a Fegamp, todas as Entidades Locais de Galicia asociadas á Fegamp que o desexen poderán adherirse ao mesmo. Para elo, formalizarán o Protocolo de Adhesión que se achega como ANEXO I a este convenio ante a Dirección da ATRIGA. A ATRIGA remitirá copia dos Protocolos de Adhesión á FEGAMP.

As entidades locais adheridas ao Convenio terán que tramitar as altas dos seus procedementos de acordo co previsto anteriormente.

As devanditas adhesións serán inscritas no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos





termos do artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega”.

Que, na cláusula décimo sexta se sinala que “(...) Os asinantes prestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto”.

En atención ao exposto, queda xustificada a posibilidade de que as entidades locais asociadas á Fegamp se adhiran ao convenio subscrito coa Atriga para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora

